



INSTRUCCIÓN PARA A EMISIÓN DO VOTO POR CORREO ÁS ASEMBLEAS XERAIS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS E DA PUBLICIDADE NA PAXINA WEB FEDERATIVA

Coa publicación e entrada en vigor no día de hoxe do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas (DOG Núm. 34 Venres, 16 de febreiro de 2018), faise necesario ditar a presente instrución con motivo da celebración no ano 2018 de eleccións ás federacións deportivas galegas.

Esta instrución recolle dous aspectos regulados na citada norma que convén precisar en canto á súa aplicación práctica:

En primeiro lugar, a instrución refírese ao sistema de voto por correo.

A Secretaría Xeral para o Deporte, co fin de facilitar a máxima participación das persoas físicas nestes procedementos electorais, mantivo conversas con responsables da Sociedad Estatal de Correos y Telegrafos na procura de que as persoas electoras ás que se lles permiten exercer a modalidade de voto por correo, poida facelo en toda a xeografía nacional e coas máximas garantías.

A estes efectos, a Secretaría Xeral para o Deporte acordou coa Sociedad Estatal de Correos y Telegrafos a aplicación dos mecanismos empregados nas eleccións xerais de identificación individualizada do votante e de remisión dos votos a un apartado de Correos (abertos a nome da Secretaría Xeral para cada federación e exclusivo para este proceso).

En segundo lugar, esta instrución recolle tamén a obriga de que na páxina web da respectiva federación se abra un apartado como sección «procesos electorais»

Co fin de cumprir coas esixencias e garantías establecidas na normativa electoral emítense as seguintes instrucións:

PRIMEIRA. Unicamente se admite o voto por correo nas votacións para membros da asemblea xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

SEGUNDA. A persoa electora solicitará por escrito, en modelo normalizado, a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo o seu dereito ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo.





TERCEIRA. A solicitude de voto por correo presentarase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da federación ou, de selo caso, ante a persoa responsable da delegación federativa.

As solicitudes de voto por correo deberán trasladarse á xunta electoral no mesmo día da presentación da solicitude.

Diariamente a Xunta electoral remitirá electronicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior.

O modelo normalizado de solicitude, de conformidade coa normativa reguladora do proceso electoral, deberá contemplar, como mínimo, o seguinte formato e contido:

“Solicitude interesando a inclusión no censo especial de voto por correspondencia

(Nome e apelidos), con DNI n.º, e n.º de licenza....., pertencente ao estamento de na especialidade deportiva de, pola presente formula solicitude de acordo co artigo 44 do decreto polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, pola que SOLICITA

Que se admita o presente escrito xunto coa documentación que se achega (fotocopia do DNI, pasaporte ou residencia e da licenza deportiva) e, tralos trámites oportunos, se me inclúa no censo especial de voto por correspondencia da Federación Galega de

En,....., a, de, de 20.....

Asinar:

Á XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE.....”

CUARTA. Presentada a solicitude e feitas as comprobacións oportunas de cumprimento dos requisitos, a xunta electoral enviará a cada solicitante por correo certificado os dous sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo.

-No certificado deberá constar, como mínimo:

- a) Nome e apelidos do votante.
- b) Número de identificación persoal(DNI, Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade).
- c) A frase: “AUTORIZASE A Á EMITIR O SEU VOTO POR CORREO A ELECCIÓN DE MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DEPOLO ESTAMENTO DE ... POLA ESPECIALIDADE...POLA CIRCUNSCRIPCIÓN”





-A emisión do voto por correo realizarase en dous sobres:

Sobre 1 “De votación”: Este sobre será o que corresponda ao estamento e circunscrición pola que se emite o voto.

Neste sobre é onde se deberá introducir a papeleta. Unha vez introducida a papeleta, a persoa que emite o voto, deberá pechalo.

Este sobre de votación deberá levar impreso no seu anverso:

“ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA

ESTAMENTO DE

ESPECIALIDADE DE (no seu caso).....

CIRCUNSCRICIÓN

Mesa Electoral de voto por correo”

Sobre 2: Este sobre será o que se remita a un apartado de correos da Secretaría Xeral para o Deporte, para a súa apertura nas dependencias da mesma na mesa de voto por correo.

Unha vez se aprobe o regulamento e calendario electoral de cada federación, asignarase ese apartado de correos.

Neste sobre introducirase o sobre número 1 pechado e o certificado orixinal, emitido pola xunta electoral, autorizando o voto por correo. Este certificado, antes de introduci-lo no sobre 2, deberá ser selado con data polo empregado/a de Correos.

O sobre dous, deberá levar impreso no seu anverso, parte superior esquerda:

“ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE...

SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

CERTIFICADO

Empregado/a de Correos:

- Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI, Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.
- Inluase no presente sobre:

-Sobre de votación pechado





-Certificado orixinal autorizando o voto por correo, previa estampación do selo de datas.

- **Estampe o selo de datas no anverso deste sobre”**

Na parte inferior dereita do anverso, tamén deberá figurar o destinatario:

“SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

APARTADO DE CORREOS(o que se indique para cada Federación)

Código Postal 15.704

Santiago de Compostela, Sucursal 2”

Por último, na parte superior dereita do anverso do sobre deberá figurar unha casilla que indique “Franqueo Pagado” , Número de cliente: 81024374 e número de contrato: 15000238, así como o escudo de cada federación galega.

No reverso do sobre dous deberá constar:

Nome:.....

Apelidos:.....

Estamento de

Circunscrición:.....

Especialidade de (no seu caso)

Deportista de alto nivel

QUINTA. A presentación dos votos nas oficinas de correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de realización das eleccións. Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior.

SEXTA. Cada federación deportiva galega deberá proceder a apertura, na súa páxina web, dun apartado coa denominación de «procesos electorais 2018». Este apartado debe estar aberto antes do remate deste mes, pois nel deberá figurar obrigatoriamente o censo electoral inicial(artigo 12.2 do Decreto)

Este apartado ou pestaña deberá estar perfectamente visible e accesible na páxina principal, sen necesidade de facer busca en outros apartados ou no menú desta páxina web.





Nesta pestaña, deberán figurar todos os documentos electorais, censos electorais, convocatorias, anuncios e aquelas outras cuestións que sexa obrigatoria de conformidade coa normativa electoral e as que considere oportuno a xunta electoral e a federación deportiva galega.

Santiago de Compostela

A secretaria xeral para o Deporte

Marta Míguez Telle





Anexo I. Modelo de sobre 2.Anverso

Nº Cto:15000238	Franqueo pagado
Nº 81024374	

ELECCIÓN S Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE...

SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

CERTIFICADO

Empregado/a de Correos:

- Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI,

Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.

- Inclúase no presente sobre:

-Sobre de votación pechado

-Certificado orixinal autorizando o voto por correo,

previa estampación do selo de datas.

Estampe o selo de datas no anverso deste sobre”

Escudo da Federación Galega

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

APARTADO DE CORREOS(o que se indique para cada Federación)

Código Postal 15.704

Santiago de Compostela, Sucursal

